

Cociña

Consumibles (tódolos usuarios)

Tódolos usuarios da cociña deben contribuír no gasto de consumibles como deterxente para o lavalouzas, servilletas, panos, etc.

Se queres facer uso da cociña, e non pertences ó club café (ver sección “Electrodomésticos”), **contacta con José Carlos Cabaleiro (1º andar).**

Lixo

É moi sinxelo, colabora!

- **ORGÁNICO:** baixo o fregadeiro, o servizo de limpeza sácao a diario.
- **INORGÁNICO** (envases, plásticos, latas...): cubo triple da esquina, responsabilidade de todos. Cada semana un dos usuarios é o responsable de baleirar os cubos. Diego Cougil envía cada mes o calendario cos turnos. Para pechar, pisar pedais ata o fondo.

Limpeza

Hai panos baixo o vertedeiro. Úsaos ó rematar e deixa o espazo limpo para os teus compañeiros.

Electrodomésticos

- [Cafetera Tassimo](#)

Se queres empregala **contacta con Adrián González (LS02)** cota única de 3€.

As cápsulas e o resto de cousas coma leite, azucre, etc. mércanse de xeito individual e hai que pagar aparte a cota de uso da cocina.

Na cociña hai un pequeno folleto con instrucións, cualquera dúbida contacta con **Adrián González** Despois de empregar a cafeteira déixaa limpa cando remates e saca a cápsula!

- [Cafeteira e club café](#)

Compra conxunta de café, leite, infusións... con gastos de consumibles incluídos ;)

Se queres unírte **contacta con Antonio García Loureiro.**

- [Quentador de auga e microondas](#)

O uso destes aparellos é libre. Só se pode quentar auga no quentador, non leite. Colabora na súa limpeza!

O quentador de auga volve estar dispoñible e hai outro mercado en reserva.

- Lavalouzas

Evita lavar a man e úsao. A programación do lavalouzas é tan sinxela como:

1. Acender o electrodoméstico.
2. Poñer no oco a pastilla de xabón.
3. (Opcional) Indicar a hora diferida (3, 6 ou 9 horas).
4. Deixar o modo "eco" (por defecto).
5. **IMPORTANTE:** Premer o botón Start.
6. **IMPORTANTE:** Pechar a porta (con ganas ata escoitar un "CLIC", que se queda mal pechada non empeza o programa).

IMPORTANTE: o lavalouzas prográmase para que funcione os días laborables arredor das 21-22h e baléirase polas mañás entre as 8-11h, aproximadamente. Se o atopas limpo e cheo non mistures louza sucia e limpa e baléirao previamente.

Armarios e neveira

Distintos grupos que fan uso da cociña foron gardando nos armarios e nas neveiras cousas como café, azúcar, té, leite... e organízanse entre eles para a súa compra, ás veces de forma individual. Tamén se poden atopar tupperes de comida na neveira. Se queres empregar as alacenas e/ou a neveira busca un espazo e encárgate de mantelo limpo e de que ningún alimento estea en mal estado. Se non atopas un sitio, fala cos usuarios habituais da cociña.

Na alacena sobre o fregadeiro podes atopar menaxe de cociña do centro para o uso de todos nós. A cubertería atópase nun caixón baixo as cafeteras. O resto de tazas e pezas son de uso particular, podes traer o que necesites e buscarlle un oco.

IMPORTANTE: na cociña hai un rotulador (alacena inferior do extremo dereito) para rotular a data de apertura nos cartóns de leite, zumo, etc. Evita que caduquen, se os abandoas serán retirados.

From:

<https://wiki.citius.usc.es/> - **Wiki do CiTIUS**

Permanent link:

<https://wiki.citius.usc.es/centro:instalacions:cocina>

Last update: **2018/04/27 13:59**

